



BASES CONCURSO

“VIII EDICIÓN PREMIO AMJE EMPRENDE”

Primeira: Requisitos dos candidatos.

O capital social das empresas candidatas deberá estar participado nun 25% como mínimo por persoas físicas menores de 40 anos.

Os gañadores do primeiro galardón en anteriores edicións do Premio AMJE Emprende ou do Premio Innova quedan excluídos desta convocatoria.

Segunda: Ámbito territorial.

As empresas candidatas deberán ter o domicilio social na provincia de A Coruña.

Terceira: Criterios de valoración.

Para valorar as candidaturas teranse especialmente en conta os seguintes criterios:

- a) Creación de emprego estable.
- b) Evolución dos beneficios da empresa.
- c) Volume da inversión realizada.
- d) Carácter innovador do proxecto.
- e) Grao de proxección nacional e internacional.
- f) Boas prácticas na xestión empresarial. Especial interese nas áreas de Prevención de Riscos Laborais (PRL), Protección de Datos Personais (LOPD), Responsabilidade Social Corporativa (RSC), Conciliación da vida laboral e familiar, Políticas de igualdade de xénero, e respecto polo Medio Ambiente.
- g) Grao de implicación no asociacionismo empresarial.

Cuarta: Xurado.

O xurado estará integrado por representantes das seguintes institucións, entre outras:

Asociación de Jóvenes Empresarios Marineda (AJE Marineda)
Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)
Confederación de Asociaciones de Jóvenes Empresarios de España (AJE Confederación)
Concello de A Coruña

Xunta de Galicia
Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)
Cámara de Comercio de A Coruña
Universidade de A Coruña
Caixa Galicia

Algún destes organismos poderá verse substituído por outro da mesma relevancia ante posibles incomparecencias ou outros imprevistos.

As decisións do xurado serán inapelables e adoptaranse por maioría simple. En caso de empate decidirá o voto de calidade do Presidente do xurado.

Quinta: Dotación dos premios.

A dotación en premios estará repartida en tres galardóns: 1º premio, 2º premio e 3º premio, que poderán consistir nunha recompensa en metálico e/ou en especie.

A dotación en premios establecerase mediante convocatoria pública a través da web da asociación.

Sexta: Documentación.

Documentación obligatoria:

- a) Memoria da empresa.
- b) Declaración xurada de veracidade de datos, segundo figura no ANEXO.

A presentación desta declaración non exclúe as posteriores comprobacións de documentos acreditativos que poidera levar a cabo o comité organizador para a verificación dos datos.
- c) Fotocopia do Documento Nacional de Identidade ou documento acreditativo da idade dos socios da empresa candidata.
- d) Logotipo da empresa en formato *jpeg* (remitir por correo electrónico a ajemarineda@ajemarineda.com).

Documentación optativa:

- a) Fotocopias de cualquier tipo de certificación da empresa (calidade, protección de datos, prevención de riscos laborais, premios, distincións, etc).
- b) Folletos ou dossieres publicitarios, anuncios, mencións e aparicións en prensa, etc. Tamén poderase incluír como documento anexo unha presentación da empresa en soporte dixital (cd/dvd).

Séptima: Propostas e Prazo de Presentación de Candidaturas.

Deberán presentarse 12 copias da documentación debidamente encadernadas na sede da Asociación de Jóvenes Empresarios Marineda - AJE Marineda, Parque de San Diego s/n, Centro Cívico Municipal, 3ª Planta, 15006 - A Coruña. Tamén será válida a presentación mediante remisión por correo certificado á dirección mencionada anteriormente. O prazo de presentación das candidaturas establecerase mediante convocatoria pública a través da web da asociación.

Octava: Entrega de Premios.

Os premios e mencións honoríficas entregaranse aos galardonados nun acto especial do cal darase cumprida difusión nos medios de comunicación, e que en todo caso será comunicado persoalmente a tódolos candidatos.

Novena: Protección de Datos.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal 15/99, a Asociación de Novos Empresarios Marineda procede a comunicarlle que os datos recollidos na Inscripción do VIII PREMIO EMPRENDE 2007 serán incorporados a un fichero, denominado Premio Emprende, inscrito no Rexistro da Axencia Española de Protección de Datos do que é responsable a Asociación de Novos Empresarios Marineda.

Sendo os datos obtidos co consentimento expreso do interesado, serán utilizados única e exclusivamente para o bo fin do presente VIII PREMIO EMPRENDE 2007.

Coa aceptación das presentes bases, vostede consente o tratamento dos datos recollidos na inscrición coa finalidade mencionada e autoriza expresamente á Asociación de Novos Empresarios Marineda para comunicar devanditos datos a terceiras entidades. Devandita comunicación farase coa única finalidade de poder levar a cabo a organización do VIII PREMIO EMPRENDE 2007. Os posibles destinatarios serán todas aquelas entidades que poidan formar parte da organización de devandito premio.

Pode exercer os dereitos de acceso, oposición rectificación e cancelación nos termos previstos pola Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal mediante carta e adxuntando a fotocopia do D.N.I. na seguinte dirección: Dto. Protección de Datos, Parque de San Diego s/n, Centro Cívico Municipal, 3ª Planta, 15006 - A Coruña.

Décima: Aceptación. A concurrencia nesta convocatoria supón a plena aceptación destas bases.

ANEXO

Declaración xurada

Eu, _____ con DNI _____, en representación da entidade _____.

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

Que todos e cada un dos datos contidos na memoria da empresa presentada á Asociación de Jóvenes Empresarios Marineda son verídicos, salvo error ou omisión.

Que son conecedor das bases do “VIII PREMIO AMJE EMPRENDE 2007” e que as acepto.

Esta declaración realizase para que conste aos efectos de participar no VIII Premio Emprende 2007.

En _____, a _____ de _____ de 2007

Fdo.